



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2023/G010/000012

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN 27 OUTUBRO DE 2023

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dna. Sandra Insua Rial

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Fabián Canosa Pasantes

Dna. Encarnación Liñeiro Pouso

D. Sergio Caamaño Fernández

Dna. Begoña Tajés Méndez

D. Germán Camiño Mouzo

Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño

D. José Francisco Carril Ageitos

Dna. Paula Mouzo Mas

D. Juan Carlos Sambade Amado

D. Manuel Mejuto Rios

Dna. Marta M^a Mouzo Pose

D. Xurxo M. Rodríguez Baña

Secretaria Acumulada:

Rocío Hermida Cancela

Interventora:

M^a Emilia García Maneiro

En Camariñas, sendo as 16:00 horas do día **vinte e sete de outubro de dous mil vinte tres** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria acumulada da Corporación, Rocío Hermida Cancela, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**.

A sesión se celebra, no Salón de Plenos segundo quedou establecido no Decreto da Alcaldía 873/2023, de data 23 de outubro, polo que se procedeu á convocatoria da sesión.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- PROPOSTA DE ACORDO relativa a fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación. EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Considerando o seguinte Ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

0 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstenciones:

1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acordou a emisión do seguinte ditame:

PROPOSTA DE ACORDO

FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

EXPTTE TEDEC: 2023/X999/000275

O Pleno do Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria de data 26 de xuño de 2023, acordou a fixación da periodicidade das sesións plenarias.

Considerando que para un funcionamento eficaz dos servizos municipais faise necesario modificar a convocatoria das sesións ordinarias do Pleno.

Visto o establecido nos art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia art. 46 e ss do RD Lex 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local e os art. 38 e 77 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último venres de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no salón de sesións da Casa do Concello.

Facultar o Señor/a Alcalde/sa para modificar a celebración do Pleno Ordinario, adiantando ou atrasando a celebración das sesións ordinarias do Pleno, cando elo non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, motivado porque o día fixado sexa festivo ou inhábil, ou se estime necesario por motivos debidamente xustificados, sempre debendo avisar o resto dos concelleiros do cambio verbalmente ou por escrito e dos motivos que levan a elo, podendo variarse neste caso a hora e o día da convocatoria, respectando dentro do mes que corresponda a referida sesión ordinaria.

Segundo. Derrogar o anterior acordo en todo o que contradiga ao presente.”



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Intervén a Sra alcaldesa e procede a lectura íntegra da parte resolutiva da proposta e engade que é para respectar que a Secretaria acumulada ten plenos no seu concello a mesma hora.

A Sra Mouzo Mas di que si se cambia que sexa coa antelación suficiente e co consenso dos voceiros.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión de Asuntos Xerais.

2º.- PROPOSTA DE ACORDO relativa a ratificación do Decreto de Alcaldía Nº 808/2023 relativo á designación de defensa letrada e personamento no recurso contencioso-administrativo presentado por SOCISER GALICIA SLU do que dimana o procedemento ordinario 0000186/2023. EXPTE TEDEC: 2023/P002/000004.

Considerando o ditame da Comisión de Asuntos Xerais:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Votos en contra:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Abstenciones:

**1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acordou a emisión do seguinte ditame:

PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA Nº 808/2023 RELATIVO Á DEFENSA LETRADA E PERSONAMENTO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PRESENTADO POR SOCISER GALICIA SLU CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 21 DE XULLO DE 2023 DO QUE DIMANA O PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000186/2023.

EXPTE TEDEC: 2023/P002/000004



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Visto que a Xunta de Goberno Local en data 12 de abril de 2023 acordou a prórroga do contrato mixto do "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS", a favor do empresario SOCISER GALICIA S.L.U., por un prazo dun ano.

Visto que a Xunta de Goberno Local en data 24 de maio de 2023 acordou desestimar/denegar a solicitude de modificado do contrato do servizo de axuda no fogar, presentada "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS", a favor do empresario SOCISER GALICIA S.L.U.

Visto que a Xunta de Goberno Local en data 21 de xullo de 2023 acordou desestimar o recurso de reposición interposto por SOCISER GALICIA S.L.U., contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/05/2023 de denegación do modificado do contrato.

Visto que se interpuxo un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de A Coruña e que foi necesario encomendar a defensa e representación do Concello de Camariñas, ditouse decreto o día 27-09-2023 con número 808/2023 de designación letrada no correspondente expediente, sendo necesaria a súa ratificación, por ser unha competencia plenaria en virtude do artigo 22.2 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o anterior, pola Alcaldía propónse a adopción do seguinte, **ACORDO:**

ÚNICO. Ratificar o Decreto ditado o 27/09/2023 co Nº 808/2023 relativo a personarse no Procedemento Ordinario 186/2023 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de A Coruña, interposto por SOCISER GALICIA SLU, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2023, polo que se desestima o recurso de reposición relativo á denegación modificación contrato SAF e exercitar este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación do Concello de Camariñas ao Letrado Asesor Don Andrés Fernández Maestre, ou calquera outro letrado do Servizo de Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña."

Intervén a Sra alcaldesa e explica a proposta o que pregunta a Sra Mouzo Mas si houbo algún contacto mais coas traballadoras.

A Sra alcaldesa contesta que tivo hoxe unha mensaxe da representante sindical e que a chamará agora, di que sabe que están cobrando en tempo e forma.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 9 (8 grupo municipal socialista e 1 grupo mixto-BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión de Asuntos Xerais.

3º.-PROPOSTA DE ACORDO relativa á modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo e cemiterios. EXPTE TEDEC:2023/G016/000005.

Considerando o seguinte:

"DITAME



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

0 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións:

1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Comisión Especial de Contas acordou a emisión do seguinte ditame:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E CEMENTERIOS.

Toda vez a actual equipa de goberno quere seguir a prestar unhas servizos de calidade aos nosos veciños, mantendo a oferta de actividades, conservando adecuadamente en bon estado os nosos viais, camiños e edificios, atendendo as necesidades dos nosos veciños como corresponde, faise necesario garantir o equilibrio orzamentario e sustentabilidade económica, aumentar os ingresos municipais, a parte de estar tratando de acadar financiamento externo nunha alta porcentaxe, solicitando axudas doutras Administracións, tamén resulta necesario incrementar os ingresos que se perciben derivados da exacción de tributos municipais, que ata o de agora se trataron de conxelar, para non elevar a carga financeira dos veciños en períodos de crise. No pleno extraordinario e urgente del 18 de marzo de 2023 o Concello de Camariñas aprobou a modificación do plan de axuste vixente ata a data, para acollerse voluntariamente, de novo, ao Fondo de Financiación a Entidades Locais para atender as obrigas pendentes de provedores, en consonancia co acordo adoptado pola Comisión delegada do Goberno para asuntos económicos de 6 de febreiro de 2023, e pouco a pouco a situación económica do concello vai mellorando, para elo débense adoptar medidas en materia de ingresos, entre outras, a adopción de subidas tributarias que deriven no incremento dos dereitos recoñecidos por ingresos correntes no ano 2024 nos importes que se estima no dito documento.

Compróbase que as últimas modificacións das ordenanzas de prestación dos servizos de recollida de lixo, subministro de auga e cementerio son as seguintes;

- Cementerio; a última modificación foi aplicable dende o 01/01/2005, logo a variación de prezos dende a dita data (IPC acumulado supón o 43,3 %). Revisando os datos da contabilidade (datos dos custos directos imputados ao grupo de programa indicado) e memoria económica do expediente de modificación da ordenanza última, verificamos que se segue a prestar ese servizo mediante xestión directa e a estrutura de custos non ten variado, verificamos tamén que os importes que se prevé recadar coas tarifas actualizadas non superarán os custos totais (incluíndo os custos indirectos e amortización).

- Recollida de lixo; a última modificación da ordenanza entrou en vigor o 01/01/2012, logo a variación do IPC acumulado ascende ao 19,8 %, tendo en conta os importes que se



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

prevé recadar coa dita revaloración , non supera o importe dos gastos previstos na memoria económica incorporada no expediente no seu día, nin os derivados das obrigas imputadas ao orzamento nese programa de gasto, tendo en conta que a estrutura de gastos e prestación directa do servizo se mantén.

- Subministro de auga, a última modificación da ordenanza entrou en vigor en data 01/01/2013, logo a variación do IPC acumulado nese período ascendeu ao 16,4 %. Ao igual que nos supostos anteriores , verificáse dos datos que se incorporan da contabilidade que os ingresos que se estimarían percibir co incremento das tarifas derivarían en importes inferiores aos gastos realizados no exercicio 2022 e que se incorporan ao expediente.

Téñase en conta que toda vez a prestación dos ditos servizos é mediante xestión directa, o peso do incremento dos custos da enerxía eléctrica e combustible , están a facer que os custos incluso se incrementasen máis que o do IPC. Proponse en consecuencia a modificación dos artigos rula tarifa aplicable, en cada unha das ordenanzas, actualizando as mesmas coa variación acumulada do IPC.

- No caso da ordenanza reguladora da taxa de cemiterio municipal, proponse a modificación do artigo 6º da mesma, no que se regula a cota tributaria, de xeito que o importe das tarifas dos diferentes epígrafes sexa a seguinte;

- Epígrafe 1 (Asignación de nichos); ata o límite de 620 € (nichos perpetuos) e 258 (nichos temporais).

- Epígrafe 2, referido ao coidado , conservación e vixiancia, por cada nicho 8,5 euros anuais.

-No caso da ordenanza reguladora da taxa por recollida de lixo , proponse a modificación do artigo 6º da mesma, no que se regula a cota tributaria, de xeito que o importe das tarifas dos diferentes epígrafes sexa a seguinte;

TARIFAS

EPÍGRAFES	COTA
1- VIVENDAS	86
2- CAFÉ-BAR, OBRADOIROS, CARNICERÍAS, PESCADERÍAS E PEQUENO COMERCIO EN XERAL	172
3-CAFETERÍAS, SALAS DE FESTA, DISCOTECAS E ANÁLOGOS, ENTIDADES BANCARIAS E ASEGURADORAS, ASESORÍAS, XESTORÍAS	215
4-COMERCIO DE FROITAS E VERDURAS, ALIMENTACIÓN E ULTRAMARINOS, RESTAURANTES, ALOXAMENTOS E GASOLINEIRAS	301
5- RESTAURANTES OU ALOXAMENTOS CON CAFÉ-BAR	474
5-ALOXAMENTOS CON SERVIZO DE RESTAURANE	603



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

6-ALOXAMENTOS CON SERVIZO DE RESTAURANTE E CAFÉ- BAR. 776

6-SUPERMERCADOS, FÁBRICAS DE CONSERVAS E GRANDES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS OU INDUSTRIAIS 1437

Debe deixarse constancia tamén no mesmo artigo, que a tarifa aplicable a un establecemento no que se presten actividades dos diferentes epígrafes, aplicarase a de maior importe.

Nesta ordenanza tamén se quere introducir a posibilidade prevista na Resolución da Presidencia da Deputación Provincial nº 7157/2002 de 14 de maio, pola que se aproban as normas para a recadación de taxas, prezos públicos e outras, e que se establece no artigo segundo, de que o cobro en voluntaria da taxa de recollida de lixo sexa fraccionada en dúas cuotas semestrais. A estes efectos propónse a variación da redacción do apartado segundo do artigo 8 da dita ordenanza de xeito que contemple a dita posibilidade e coa seguinte redacción ;

“ 2. O tributo recadarase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación para os tributos de notificación colectiva e periódica, agás que para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cousa, sen embargo, estando delegada a recadación da dita taxa na Deputación Provincial, os prazos serán os que se determinen pola dita entidade na propia normativa, e toda vez na mesma se establece a posibilidade de fraccionar o cobro en dúas cotas semestrais, o concello poderá acollerse a dita posibilidade, previo acordo da Xunta de Goberno Local, ao que se lle dará publicidade mediante publicación no BOP da provincia . Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula se ingresará nos prazos indicados no citado Regulamento para os ingresos directos.

-No caso da ordenanza reguladora da taxa de subministro de auga, propónse a modificación do artigo 6º da mesma, no que se regula a cota tributaria, de xeito que o importe das tarifas sexa o seguinte;

TARIFA 1	EUROS
Por cada m3 consumido ata o tope mensual de 12 m3	0,29 €
Por cada m3 consumido en exceso sobre o tope anterior	0,52 €
Cota anual do servizo (prorratable por trimestres naturais nos casos de alta e cese)	27,94€
TARIFA 2	
Por cada m3 subministrado para obras	0,62€
TARIFA 3	
Cota de abono ao servizo	19,82€
Por aluguer de contador, por mes ou fracción	1,99€



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Instalación de acometida

148,75€

Emitidos os informes preceptivos de control permanente da Intervención Municipal e o xurídico da Secretaría Municipal, conxunto ao da Tesoureira Municipal a quen corresponde a xefatura do servizo de xestión de ingresos e recadación, e que figuran no expediente.

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das taxas de subministro de auga (ordenanza fiscal nº11), da recollida de lixo (ordenanza fiscal n.º 5) e do cemeterio municipal (ordenanza fiscal n.º 14).

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo."

Intervén a Sra alcaldesa e di que se incrementan o IPC e que a taxa de subministro de auga non se incrementa dende o 1.1.2013, a da recollida de lixo dende 1.12012 e do cemeterio municipal dende o 1.1.2005, procede a dar unha somera lectura da proposta no relativo os incrementos e que tamén se prevé o fraccionamento si ben haberá que sen falar coa deputación.

A Sra Mouzo Mas di que non se trata de incrementar impostos senon de xestionar ben, e que para unhas cousas fan caso e outras non, como os reparos de intervención e que de todos os xeitos non é momento de subir impostos.

O Sr Rodríguez di que os impostos son necesarios pero está fora de lugar que despois de vinte anos se suba de golpe, deberíase revisar anualmente e repartir.

Sra alcaldesa contesta que non é capricho do Concello de Camariñas, hai outros como A Laracha que incrementaron o IBI, IAE, Basura e Imposto de circulación, e que si Camariñas tivera un ICIO como Laracha non se subían os impostos.

Sra Mouzo Mas di que aquí falamos do IBI un 0,70, cando en Laracha o incremento é de 0,40 a 0,44, non comparemos porque a media está en un 0,51.

Sra alcaldesa di que para todos está difícil a situación para o cidadán pero tamén para o Concello que chegan facturas de subministro luz, gasolina etc, non é un capricho, non gusta tocar impostos pero é necesario, por exemplo Zas que acaba de ingresar mais de 1,5 millóns de euros polos eólicos e acaba de subir todo, basura, auga, ibi...

Sra Mouzo Mas di que aquí subimos un 20% o que a Sra alcaldesa contesta que onde estamos somos o punto mais extremo, temos que ir a Santa Comba, a carga impositiva é brutal pero non so en Camariñas.

Sr Caamaño di que si tuveramos que subir ata o que realmente costan os servizos tería que ser moito mais, decidimos subir esa porcentaxe pero si comparamos con outros como Laxe leva anos cobrando auga un 0,33 mais que nos, ou Ares un 0,68 IBI, Cerceda cobra a auga e a maiores todos os materiais necesarios.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)

Votos en contra: 4 (4 grupo municipal do PP)

Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión Especial de Contas.

4º.-PROPOSTA DE ACORDO relativa á modificación da ordenanza fiscal do IBI. EXPTE TEDEC:2023/G016/000005.

Considerando o seguinte:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Votos en contra:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Abstenciones:

**1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

A Comisión Especial de Contas acordou a emisión do seguinte ditame:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI

Toda vez a actual equipa de goberno quere seguir a prestar unhos servizos de calidade aos nosos veciños, mantendo a oferta de actividades , conservando adecuadamente en bon estado os nosos viais, camiños e edificios, atendendo as necesidades dos nosos veciños como corresponde, faise necesario garantir o equilibrio orzamentario e sustentabilidade económica, aumentar os ingresos municipais, a parte de estar tratando de acadar financiamento externo nunha alta porcentaxe, solicitando axudas doutras Administracións, tamén resulta necesario incrementar os ingresos que se perciben derivados da exacción de tributos municipais, que ata o de agora se trataron de conxelar, para non elevar a carga financeira dos veciños en períodos de crise. No pleno extraordinario e urxente del 18 de marzo de 2023 o Concello de Camariñas aprobou a modificación do plan de axuste vixente ata a data, para acollerse voluntariamente, de novo, ao Fondo de Financiación a Entidades Locais para atender as obrigas pendentes de provedores, en consonancia co acordo adoptado pola Comisión delegada do Goberno para asuntos económicos de 6 de febreiro de 2023, epouco a pouco a situación económica do concello vai mellorando, para elo débense adoptar medidas en materia de ingresos, entre outras, a adopción de subidas tributarias que deriven no incremento dos dereitos recoñecidos por ingresos correntes no ano 2024 nos importes que se estima no dito



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

documento.

Entre as medidas a adoptar contéplase a de incrementar o tipo impositivo a aplicar aos bens inmoables urbanos e rústicos do Impuesto de Bienes inmuebles, pasando o tipo impositivo a 0,65 en urbanos y a 0,70 en rústicos, estimando un incremento dos ingresos en aproximadamente 100.000 €.

En referencia a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmoables, sinalar que segundo se establece no artigo 72 do TRLFL, no seu apartado primeiro os concellos poden regular nas súas ordenanzas fiscais un tipo de gravamen de ata o 1,10 % polos inmoables urbanos e de ata o 0,90 % polos rústicos, logo visto o compromiso asumido no plan de axuste, propónse a modificación do artigo 3 da dita ordenanza, establecendo un tipo de gravame do 0,65 por cento, para os inmoables de natureza urbana e do 0,70 por cento para os inmoables de natureza rústica.

Emitidos os informes preceptivos de control permanente da Intervención Municipal e o xurídico da Secretaría Municipal, conxunto ao da Tesoureira Municipal a quen corresponde a xefatura do servizo de xestión de ingresos e recadación, e que figuran no expediente.

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables nos termos do proxecto que se anexa no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo."

Sra alcaldesa di que se incrementan medio punto rústica e urbana o que a Sra Mouzo Mas di que non se trata de incrementar impostos senon xestionar mellor.

O Sr Rodríguez di que o IBI é un imposto que demostra onde está a mala ou boa xestión, é un indicador grande, pon exemplos como o paseo de Paco Vázquez ou a Costa Miño de Miño que se está a pagar por iso demostra cando un Concello é solvente ou non.

O Sr Caamaño di que Vigo que é un exemplo está no 0,91 % o que contesta o Sr Mejuto que exemplo de qué e o Sr Caamaño di que foi proposto como presidente da FEMP.

Sra alcaldesa di que tamén hai boas noticias como o PMP 26 días, e que dende fai 20 anos non hai ingresos extraordinarios como o Prestige, non é mala xestión, e que ano tras ano o cidadan está dándonos apoio a nosa xestión, e que neste momento colle o toro polos cornos.

Sra Mouzo Mas di que hai que gastar con sentido o que a Sra alcaldesa contesta que hai que licitar materiais de construción e todo na medida do posible, xa se está licitando o servizo de limpeza, o lumeado de nadal....

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)
--



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Votos en contra: 4 (4 grupo municipal do PP)

Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión Especial de Contas.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcadesa procede a levantala, sendo as 16:26 horas do día da data do que como Secretaria acumulada dou fe e certifico.

A SECRETARIA ACUMULADA
Asd. Rocío Hermida Cancela.